

ACTA E RESUMO DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Centro Cívico de Monelos. A Coruña

16 de marzo de 2024

ASISTENTES:

PRESIDENTA	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, SONIA, colex. 3402
VICEPRESIDENTA	NÚÑEZ RÚA, ROCÍO, colex. 3867
SECRETARIO	TEMBRÁS LÓPEZ, ALFONSO, colex. 0103
TESOUREIRO	GIL CEDILLO, RODRIGO, colex. 5328
VOGAL	RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, NOELIA, colex. 3408
VOGAL	SEGADE CONDE, M ^a JESÚS, colex. 0455
	Colexiada nº 5445
	Colexiada nº 5645
	Colexiada nº 0164 (+ 1 voto delegado da colex. 0166)
	Colexiada nº 0968
	Colexiada nº 3550
	Colexiada nº 3827
	Colexiado nº 0846
	Colexiada nº 3879
	Colexiada nº 0398 (+ 1 voto delegado da colex. 3808)
	Colexiada nº 0111
	Colexiada nº 5654
	Colexiada nº 0177 (+1 voto delegado da colex. 5182)
	Colexiada nº 3389 (+1 voto delegado da colex. 0924)
	Colexiada nº 4937
	Colexiada nº 5182 (asiste unha vez iniciada a asemblea, sen voto, xa que o tiña delegado noutra asistente)
	Colexiada nº 3776
	Colexiada nº 3286
	Colexiada nº 3952
	Colexiada nº 3221
	Colexiada nº 3795
	Colexiada nº 5188
	Colexiada nº 3073
	Colexiada nº 3688

Total Asistentes: 29 (26 mulleres e 3 homes).

E 4 votos delegados (4 mulleres)

Iníciase a Asemblea Xeral o sábado 16 de marzo de 2024 ás 10:30 h.

Sonia González Rodríguez, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, preséntase, da a benvinda a todas as persoas asistentes á *Asemblea Xeral* e escusa a asistencia das persoas da Xunta de Goberno que non puideron achegarse por motivos persoais ou imprevistos. Informa que toda a documentación está a disposición para consulta. Sinala que tanto o orzamento como o plan de traballo está aberto a participación, propostas...

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 25 DE MARZO DE 2023.**
2. **INFORMACIÓN SOBRE PARTICIPACIÓN NO CGCEES.**
3. **APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2023.**
4. **APROBACIÓN DO PLAN DE TRABALLO E ORZAMENTO 2024.**
5. **PALESTRA: AVANCES DA EDUCACIÓN SOCIAL EN 23 ANOS DE CEESG.**
6. **SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.**

1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 25 DE MARZO DE 2023

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Pregunta se alguén considera necesaria a lectura, ou se pasamos directamente á votación. Procédese directamente á votación.

ACORDO:

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2023** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade**.

2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CGCEES.

Presenta: Noelia Rodríguez Álvarez. Vogal da Xunta de Goberno do Ceesg e Vicepresidenta do Cgcees.

Estamos nun momento de cambio moi importante. Transmite a complexidade de funcionamento pola ubicación (a presidenta e outros cargos residen en diferentes comunidades autónomas, e as principais institucións están en Madrid). O ano pasado fíxose un traballo de reflexión, para poñer en común as necesidades detectadas e analizar como afrontalas. A raíz disto, a proposta que se prevé que saia adiante é a contratación dunha xerencia a tempo completo. Este é o asunto máis importante neste momento de cara ao futuro, xunto ao congreso estatal, a celebrar en Murcia en 2026.

O Ceesg demostra o seu compromiso co traballo a nivel estatal, con presenza en moitas das comisións de traballo do CGCEES. Estamos na Comisión de Ética, na de Servizos Sociais, na de Unificación de documentos común (creada para establecer criterios de funcionamento común nos territorios autonómicos), na de Xénero e diversidade (que no último ano estivo algo parada), na de Comunicación. Indícase que existen outras comisións nas que non participamos, como a Comisión de Sistema educativo ou a Comisión de Institucións Penitenciarias. As dúas están bastante recoñecidas porque temos un programa modular para poder formarse nese ámbito.

En relación con formación tamén estamos traballando coa Unión Profesional nunha formación en igualdade para todas as profesións.

Todas elas están abertas á participación de colexiadas/os que queiran implicarse no tema.

Menciónase tamén que a Revista RES está en proceso de modificación e nun proceso de cambio na dirección da revista, e que se fixo un chamamento por se alguén quere formar parte deste traballo.

Intervencións:

- A colexiada 5654 ofrécese para a comisión sobre o Sistema educativo.

3. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2023

MEMORIA TÉCNICA 2023

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Recórdase que está dispoñible a memoria na web.

O traballo do Ceesg organízase en tres eixos. É un plan de continuidade que intenta cumprir uns obxectivos anuais, aínda que hai uns obxectivos respecto da profesión que se manteñen sempre.

Unha parte importante son os grupos de traballo. O COVID impactou moito, cambiando os xeitos de participación, e agora estamos retomando actividade. Actualmente hai cinco: Fiadeiras, Geix, Abeira-Escaravellando (que se uniu), Miolo, e Animación Sociocultural e Xestión Cultural. Están facendo un traballo especializado, uns con maior visibilidade e presenza (como Fiadeiras), e outros que van acorde aos tempos das persoas que os forman. Somos conscientes de que cada unha ten os seus tempos, conciliación, traballos... pero cremos que son necesarios aínda que funcionen por temporadas.

Respecto á participación dos PICs, neste ano queremos ampliar a contratación do educador social, porque o traballo cos PIC require tempos, presencialidade... que non debe depender só do voluntarismo da xunta de goberno. Manter o achegamento ao estudantado das universidades debe ser parte do traballo dos profesionais do Ceesg.

En relación coa universidade, tamén no ano 2023 creouse unha Comisión mixta universitaria, coa participación das tres universidades galegas, xa que o profesional e o académico temos que ir da man. Respecto da Comisión de ética, está agora mesmo en pleno desenvolvemento o estudo sobre o actual Código deontolóxico, para a súa actualización. Estamos incorporando ferramentas de traballo que para a profesión e a cidadanía son moi importantes, concretamente respecto do informe socioeducativo acordamos facer un modelo único (xa que había dous modelos, impulsados polos colexios de Galicia e Rexión de Murcia); creouse unha comisión específica para isto. A importancia non está tanto nos contidos, senón en como escribimos, en como falamos da xente coa que traballamos...

Outra parte importante é o persoal do Colexio: Montse (educadora social), Mari (secretaria técnica) e Daniel, contratado para a xestión da formación, pero en realidade é un educador social que está para cumprir o traballo que se xera no Ceesg: facer memorias, incidencia nas normativas... Temos agora 954 colexiadas (dato aproximado), pero temos case 6000 persoas tituladas en Educación social en Galicia dende que empezou a titulación. Ese é un dato que temos que ver reflexado na colexiación, xa que a medida en que a colexiación sube pode aumentar a contratación de persoal e polo tanto a profesionalización do colexio, que non pode depender só do voluntarismo. A xunta de goberno ten un traballo de representación, non de voluntariado.

O plan de formación ten moito que ver con que temos un montón de profesionais especializadas que temos que aproveitar para seguir formando outras profesionais, con cursos de calidade

Temos moitas persoas participando no Consejo, entre outras cousas porque se non estamos non podemos liderar. A educación social galega ten que liderar moitos procesos de cambio na profesión, porque temos moi bos profesionais, porque temos unha normativa galega no ámbito de servizos sociais, porque temos profesionais facendo o seu traballo no ámbito privado (empresarias, gabinetes...)

Intervencións:

- A colexiada 5445 agradece o traballo feito.

MEMORIA ECONÓMICA 2023

Presenta: Rodrigo Gil Cedillo. Tesoureiro do Ceesg.

A *Memoria Económica 2023* mostra o resultado obtido no exercicio económico 2023, estando formada polos ingresos e gastos do mesmo. Obtívose un resultado positivo, cun beneficio que ascendeu a 855,14 €.

Superouse a previsión de gasto de Soldos e Salarios e custos Seguridade Social (derivada do incremento da xornada de traballo dun traballador), e o gasto da Convivencia do Xurés; tamén se percibiron menos ingresos dos previstos en concepto de cotas colexiais e de formación. Pero a achega das Direccións Xerais de Familia e Inclusión Social para as formacións do SEAF e da

Convivencia do Xurés respectivamente, así como a contención do gasto en certas partidas de gasto fixeron posible o resultado positivo. Comenta algún exemplo de algunhas partidas para entender porque temos este balance:

- Gastos de Xunta de goberno: estaba orzamentado 2.000€ pero gastáronse 695€, porque moitas veces unha xuntanza pode facerse de xeito telemático e afórrase en desprazamentos.
- Subministrados: a baixada do IVE na factura da luz fai que o gasto sexa menos, dos 3.700€ orzamentados só se gastou 2.175€.
- Cursos programados: o gasto ascendeu a 16.300€ fronte aos 20.000 estimados.
- Publicacións e colaboracións: o gasto foi de 1.700€ en lugar dos 3.000 orzamentados.

Dous aspectos importantes a resaltar do 2023 foron, por un lado, o incremento da oferta formativa do Ceesg (oito cursos con cota de inscrición, ademais doutras propostas gratuítas, e a formación impartida á Fegamp) Nomea os cursos que fixemos o ano pasado:

- Encontro do Servizo de Educación e Apoio Familiar. Ingreso: 2.424€ Gasto: 8.420€
- Achegamento á saúde mental dende a Educación Social. Houbo máis gasto que ingreso, aproximadamente 300€
- Acollemento familiar no sistema de protección á infancia. Houbo uns 20€ máis de gastos que de ingresos.
- Convivencia profesional e interuniversitaria de Educación Social. Gasto de 15.905€ e ingresos de 16.089€.
- Novas realidades na adolescencia vulnerable. Foron 1.020€ de ingreso, e mesmo gasto.
- Xornada técnica de estratexias efectivas e creativas de intervención social con mozas e mozos traumatizados. 55€ máis de gastos que de ingresos.
- Busca activa de emprego no sector socioeducativo. Compensáronse gastos e ingresos.
- O ISE como ferramenta da educación social. Máis ingresos (270€) que gastos (110€).

A segunda cuestión é que en xullo entrou en funcionamento da nova web e o Portelo único, a través do que se facilita a tramitación electrónica das xestións colexiais.

Algo a ter en conta é que se pechou o ano 2023 cun saldo negativo de colexiacións de 22 (74 altas - 96 baixas), dispoñendo a 31/12/2023 de 954 colexiadas de alta no Ceesg. Por iso se inclúe no plan de traballo unha proposta de facer unha campaña de colexiación.

BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2023

Informa da situación patrimonial do Ceesg a 31/12/2023, é dicir, reflexa o conxunto de bens, dereitos e obrigas do Ceesg nun momento concreto, indicando o que a entidade ten, o que debe e o que lle deben, así como o seu Patrimonio Neto. É como unha foto do que vale o colexio.

A 31/12/2023 temos unha entidade que está saneada a todos os niveis, xa que non ten débedas de ningún tipo (nin préstamos, nin hipotecas, nin avais, non hai pasivo a longo prazo), agás o *pasivo a curto prazo* que xa foi pagado en xaneiro, e ademais conta con liquidez en contas bancarias. Isto é importante porque permítenos, se a nivel orzamentario temos algún descadre e gastamos máis do previsto, temos fondos para facer fronte a ese gasto. A única pega é que temos xente que foi deixando recibos adeudados, eses 41.053,77€ que figuran no balance (practicamente baixas por impago desde o inicio da andaina do Ceesg). É complicado acabar con esta débeda.

O valor “contable” do colexio é de 285.015,10€.

No balance temos o *activo* (que é o que está ó noso favor: os nosos bens e os dereitos -o que nos deben-) e o *pasivo* (que é o que debe o Ceesg) e por último o patrimonio neto que é a diferenza

entre o activo e o pasivo, a riqueza real do colexio. O único patrimonio neto que ten son as cotas colexiais. O balance sempre debe cumprir que o activo sexa igual ao pasivo máis o patrimonio neto. O Ceesg está financiado por fondos propios (cotas colexiais) e non ten fondos alleos; o único pasivo corrente, concernente á facturación pendente de pago a final de cada exercicio (TC das nóminas de decembro que se paga ata o 20 de xaneiro do ano seguinte; declaración do 4º trimestre do IRPF que se paga ata o 30 de xaneiro do ano seguinte e facturación de provedores e dietas devengadas en decembro recibidas e abonadas ou cargadas en conta con posterioridade).

Intervencións:

- A colexiada 3550 pregunta se se entra en contacto coa xente que queda con débeda ao colexio. Sorpréndese porque nunca antes oíra isto. Explicase que esa débeda xérase cando unha colexiada deixa dous recibos sen pagar, e polo tanto se tramita a súa baixa. Pero esa débeda ten que quedar aí, por se a persoa volve a colexiarse algún día, porque terá que pagar esa débeda. Tamén por exemplo se unha persoa ten unha débeda co Ceesg, se quere colexiarse en Andalucía, ten que resolver primeiro a débeda co Ceesg. Hai xente que posiblemente non se volve colexiar, pero esa débeda ten que contabilizarse. Á pregunta concreta respóndese que si, sempre que hai baixas deste tipo se informa, e se dan opcións de flexibilizar o pago se é por problemas económicos. Recórdase que son cartos que se deixan de ingresar, non que se perden, e que é o total acumulado de 23 anos de funcionamento, sen supoñer ningún hándicap para o colexio.
- A colexiada 3286 suxire, xa que están saneadas as contas, que se estude a posibilidade de cambiar a unha entidade bancaria máis ética e acorde aos principios do colexio. Respóndese que ademais da entidade bancaria de uso principal, tamén se traballa con Triodos. O problema é que ten que cumprir certos requisitos que permitan a xestión, e non é doado atopar opcións que cumpran cas esas esixencias (cobro de cotas, devolucións, pasarela de pago...) Indícase ademais que existe un convenio de colaboración asinado coa actual entidade bancaria.

Non producíndose máis intervencións, procédese á **votación do Punto 3 da Orde do día**.
Votación ás **Memorias Técnica e Económica 2023**:

ACORDO:

A votación ás **Memorias Técnica e Económica 2023** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade**.

4. APROBACIÓN DO PLAN DE TRABAJO E ORZAMENTO 2023

PLAN DE TRABAJO 2024

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Anuncia que pode haber variacións que afecten ao orzamento previsto. Por un lado, estamos pendentes dos gastos e ingresos derivados de dúas liñas de traballo iniciadas anteriormente: o encontro de profesionais dos SEAF e o da convivencia do Xurés. Por outra parte, estamos pendentes tamén dun posible convenio para levar a cabo o proxecto Aloumiños, para o acompañamento a persoas en risco de suicidio en distintos concellos de Galicia.

Hai a intención de incorporar representación en todo o territorio, a través de figuras no ámbito universitario e de entidades. Anímase a trasladar e valorar se alguén quere unirse, ben para esta ou para vindeiras xuntas de goberno.

Eixo de Acción profesional.

Respecto da Lei de Emprego Público, temos un obxectivo claro. No 2021 fíxose unha primeira modificación, que afecta á denominación da especialidade, e só queda por cambiar as titulacións de acceso. Temos o compromiso por escrito da Dirección Xeral da Función Pública de propoñer a modificación da Lei de Emprego Público no sentido que demandamos. Igualmente recurriuse a última convocatoria. O que nos trasladan é que ao estar nesas condicións as anteriores teñen que manter o mesmo criterio.

Os recursos que presentamos facémolo de xeito estratéxico. Por experiencia decidimos actuar estratéxicamente; intentamos que internamente a propia organización faga o cambio de denominación, xa que ás veces só é descoñecemento de quen convoca. Queremos evitar, por exemplo, afectar a colexiadas que están ocupando a praza convocada. Ás veces divulgar demasiado é contraproducente, e vale máis o traballo dende dentro.

Estamos traballando na revisión do convenio coa Secretaría Xeral de Igualdade. Imos enviar unha proposta do que debe recollerse no mesmo. Suporá a elaboración dunha lista de educadoras/es sociais especializadas, cuns requisitos de formación, etc.

Algo que non está recollido no plan de traballo, pero hai a vontade de valoración de organización dun congreso galego de educación social, porque vimos vías posibles de colaboración coa administración pública, e pensamos que non podemos desaproveitar a oportunidade.

Eixo de Desenvolvemento profesional.

Temos o obxectivo de facer un mapa da Educación social de Galicia, e unha diagnose de demandas formativas (para o que se ampliará a xornada dun educador social do Ceesg)

Eixo de Participación colexial.

Os esforzos centraranse en reforzar os grupos de traballo (está pendente crear os de renda básica e o de prisións), a colaboración cos PICs, continuar co concurso TFG.eduso e organizar a convivencia Xurés 2024. Respecto desta última, queremos incorporar as universidades dun xeito máis potente, e tamén queremos potenciar a participación de profesionais, algo que consideramos necesario por formación, por facer rede e por ofrecer espazos de autocoidado.

No eido da formación, continuamos a formación específica para os SEAF, incorporando un espazo de autocoidado. Consolidamos esta acción formativa este ano, dirixida só a educadoras/es sociais de concellos, pero sen descartar ir abrindo a outras/os.

O espazo Dialoga está en “standby”. Ás veces temos moi boa sintonía con profesionais doutros perfís, pero outras parece que imos en contra. Temos claro que o espazo Dialoga hai que mantelo e fomentar a unión.

O plan de formación presentado non está pechado, poden xurdir outras propostas e queremos recoller o que se valorou o último ano (as propostas de colexiadas/os)

Intervencións:

- A colexiada 3073 pregunta se non pensamos en crear unha cota “senior” para persoas xubiladas. Respóndese que xa se ten comentado en Consejo que non se pode perder esa importante masa creativa, formada e experiencial. Hai colexios, como o de Cataluña, que xa o teñen. Recollemos a proposta.

ORZAMENTO 2024

Presenta: Rodrigo Gil Cedillo. Tesoureiro do Ceesg.

Indica que mostra a previsión de ingresos e gastos do presente exercicio económico 2024.

A Xunta de Goberno pretende ser continuista co sistema de traballo do Ceesg e manterá a estrutura de Eixos e Grupos de Traballo, polo que a distribución de partidas de gasto mantense igual que no ano anterior:

A. PERSOAL CONTRATADO.

O groso dos gastos é a partida de todos os gastos asociados ao persoal (salarios, IRPF e seguridade social). Tres persoas contratadas.

B. MANTEMENTO LOCAL, RECURSOS INVENTARIABLES E FUNXIBLES.

Inclúe partidas de gasto correntes do exercicio (suministros de luz e auga, limpeza, telefonía, servizos de mantemento informático e da fotocopiadora, papelería e merchandising que se vaia encargar ao longo do ano e o IBI).

C. EIXOS E GRUPOS DE TRABALLO DO CEESG.

Distribúense en varias partidas de gasto:

- XUNTA DE GOBERNO. Recolle dietas por encontros de traballo ou citas con entidades ou institucións públicas, entre outras, e o custo da póliza de seguro de accidentes, ademais do gasto con motivo da celebración da Asemblea anual.
- 3 EIXOS DE TRABALLO. Que recollen as partidas de gasto da programación que teñen planificado facer este ano:
- CGCEES. Recolle dúas partidas de gasto: unha partida de *cotas* que anualmente se pagan ao consello e outra partida de *participación estatal* por asistencia a asembleas, reunións de Xunta de Goberno e outras actividades ou eventos que se organicen a nivel estatal.

D. OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTES.

Gastos obrigatorios contablemente. A *amortización contable*, que en realidade non é un gasto, senón como vimos na memoria económica, é como un “peto” para cando teñamos que adquirir novos bens.

Outros gastos: Comisións bancarias; asesoría fiscal; programa contable, etc.

A distribución de partidas de ingresos mantense igual que anos anteriores:

- A. COTAS CEESG.** Cotas de traslado de expediente, amigas/os, mantemento semestral, seguro RC e ingresos por cursos programados.
- B. OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN.** Xuros bancarios a favor, do Depósito do Triodos Bank, e ingresos por venda de materiais (libro Bolechas, camisetas 8M libro Son de Fiar)
- C. SUBVENCÍONS E AXUDAS.** Solicitarase a subvención da Deputación da Coruña (FOENIA 2024) para remodelación da sala de xuntas do Ceesg, coa adquisición de armarios pechados que substitúan os actuais andeis. Tamén temos o compromiso das Direccións Xerais de Familia e de Inclusión Social, de colaboración coas convocatorias programadas este ano de SEAF e da Convivencia do Xurés.
- D. REGULARIZACIÓN DE RECIBOS.** Estimación de anulacións de recibos ou anulación de parte proporcional de recibos emitidos por posibles devolucións por baixas colexiais ou por bonificacións presentadas fóra de prazo.

Intervencións:

- A colexiada 3550 pregunta se as axudas das Direccións Xerais da Xunta son por convenio directo ou por concorrência. Infórmase de que son achegas directas, non son convenios, que teñen outras implicacións.
- A colexiada 3073 pregunta polos gastos que se contemplan para a Comisión de ética. Infórmase de que a Comisión desenvolve case toda a súa actividade en liña polo que apenas se xeran gastos. Ademais os gastos relacionados co traballo da comisión estatal non aparecen reflexados porque eses gastos asúmeos o Cgcees.

ACORDO:

A votación aos **Plans de Traballo e Orzamento 2024** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade**.

Antes de pasar á palestra, pregúntase se hai algunha pregunta ou suxestión máis, pasando xa ao punto 7 da orde do día, e deixando o punto 6 para o final.

7. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS

- A colexiada 3286 pregunta se actualmente a Galeduso está en funcionamento. Comenta ademais que ela colabora coa Revista Galega de Educación, xunto con outra colexiada, coa sección “Educación social e escola” da mesma, e anima a escribir artigos para cubrila, para que non quede sen cubrir ou que teña que ser cuberta por profesionais doutras disciplinas. Respecto da Galeduso, fíxose un chamamento para crear o número sobre Renda Básica, pero non se acadou participación. Non está desaparecida, pero o funcionamento vai en función da participación, e seguimos coa posibilidade de que en calquera momento poida relanzarse. Rodrigo comprométese a intentar sacala adiante, se hai un grupo interesado no tema.

6. PALESTRA

Toman a palabra, por quendas: M^a José Fernández Barreiro, Sofía Riveiro Olveira, Mónica Serrano Soto e Sonia González Rodríguez. Achegan a súa visión e vivencia persoal á fronte do colexio, como presidentas, en diferentes etapas.

Levántase a sesión ás 13:25 h.